

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expediente núm. Ges 818/2023.

Procedemento: Concesión directa de subvención.

Asunto: Transferencia corrente para o ano 2023 por concesión directa de subvención por razón de interese social a favor da Asociación galega de Esclerose Lateral Amiotrófica Agaela (G-70217500).

Emitida memoria xustificativa do interese social para a concesión directa de subvención e da imposibilidade de acudir a concorrencia competitiva pola alcaldía con data 07/11/2023.

Constitúe o obxecto da acción de fomento o financiamento do evento de visibilización “Reto Agaela Galicia: 24 horas ” realizado pola Asociación Agaela.

Debido a natureza da organización da actividade non se pode subvencionar a través dunha convocatoria de axudas cun réxime de concorrencia competitiva.

Considerando o carácter especial da actividade non se poden subvencionar a través dunha convocatoria de axudas cun réxime de concorrencia competitiva.

Considerando o carácter especial da actividade a desenvolver pola Asociación galega de Esclerose Lateral Amiotrófica Agaela a presente subvención directa, cumpre todos os requisitos esixidos pola Base 45.1 C) das Bases de execución do orzamento, sendo de aplicación o procedemento de concesión directa por razóns de interese social, e realiza actividades que caen dentro das competencias que o artigo 25.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, atribúe as entidades locais para a xestión dos seus intereses.

Acreditada a existencia de saldos de créditos retidos na aplicación do orzamento municipal 23/231.48000 por importe de 2.000,00 €.

Visto o Informe de Intervención de data 08/11/2023 favorable a súa tramitación.

Emitido informe de Tesourería do 09/11/2023 acreditando que a entidade subvencionada está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaria con esta Entidade local, e adxuntado ao expediente certificados de estar igualmente ao corrente no cumprimento das obrigas fronte a facenda Autonómica e Estatal e a Tesourería Xeral da Seguridade Social e de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Considerando, que en virtude do establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 41.17 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, en relación ca aplicación analóxica da disposición adicional segunda da LCSP, é competencia desta Alcaldía a concesión de subvencións para a realización de actividades que caen dentro do ámbito das competencias propias

**RESOLVO:**

---

**Concello de Muros**

**Primeiro.** Recoñecer obrigas, ordenar o pago e realizar o pago material da subvención concedida, por importe de 2.000 € a favor Asociación galega de Esclerose Lateral Amiotrófica Agaela (G-70217500) destinado a financiar a realización da actividade que se recolle na memoria explicativa.

**Segundo.** Proceder a notificación regulamentaria da presente Resolución a Asociación galega de Esclerose Lateral Amiotrófica Agaela e dar traslado ao negociado de Contabilidade e Intervención e Tesourería Municipal, e ao Pleno Corporativo na primeira sesión que celebre.

**Terceiro.** Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

En Muros, asinado dixitalmente pola Sra. Alcaldesa D<sup>a</sup> María Lago Lestón, ante mín o Sr. Secretario accidental D. José Manuel Mayo Priegue.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE